



**CINE**  
**CONCERTOS**



**Udra**  
producciones



16.02.19 | 21:00 h

## La Coquette Swing Band

# The cameraman

(Buster Keaton, 1928)

A música de La Coquette Swing Band é unha mistura de swing e gypsy, e para esta película propón unha banda sonora que se nutre do swing americano con influencias manouches. A banda está formada por músicos con centos de concertos ás súas costas. Pablo Vera Serrano (violín), de formación clásica, enseguida derivou os seus intereses musicais hacia o jazz, o flamenco e as músicas étnicas; Javier Cano Sánchez (guitarra), é compositor de bandas sonoras e fundador de Tremenda Jauría; Alejandro Pérez Pou (baixo) é un músico de jazz que ten traballado para numerosos artistas. Tamén é membro de Tremenda Jauría.

Luke Shannon (Buster Keaton) é un fotógrafo que se gaña a vida na rúa sacando retratos dos transeúntes. De poucos recursos económicos e unha cámara que máis ben parece unha lata de conservas, preséntase a un posto de traballo para a Metro Goldwyn Mayer co fin de estar preto de Rally (Marceline Day), unha secretaria da compañía. The Cameraman é unha das mellores comedias de Buster Keaton, na que demostra unha habilidade para o humor exquisita. Foi, precisamente, a derradeira película muda de Buster Keaton e tamén o primeiro film que realizou para a MGM. Durante anos, esta compañía usou The Cameraman como exemplo do que debía ser unha comedia perfectamente construída, con toques de romanticismo e escenas absolutamente delirantes

### Ficha técnica da película

**Título orixinario:** The cameraman **Ano:** 1928 **Duración:**

69 min. **País:** Estados Unidos **Director:** Edward Sedgwick,

Buster Keaton **Guión:** Clyde Bruckman, Lew Lipton, Richard

Schayer **Fotografía:** Elgin Lessley, Reggie Lanning (B&W)

**Reparto:** Buster Keaton, Marceline Day, Harry Gribbon, Harold

Goodwin, Sidney Bracey, Ray Cooke, William Irving, Bert Moorhouse,

Vernon Dent, Richard Alexander **Produtora:** Metro Goldwin

Mayer **Xénero:** Comedia.





09.03.19 | 21:00 h

Seward

# Blade Runner

(Ridley Scott, 1982)



Seward é un colectivo de acción sonora, canción libre e performance en perpetuo movemento cara adiante. Uncut Magazine di que Seward tocan “combustible avant-folk anarchy”, Kristian Davis- Downs confesa que “non vin nada tan impactante como un concerto de Seward” e en Mondosonoro describenos en directo como “xeniais, efervescentes, potentísimos e chalados, inclasificables e contaxiosos, máxicos, únicos, encantadores... Sempre queda un con ganas de máis”.

Blade Runner é eloxiada como unha das películas máis influíntes de todos os tempos, tanto pola súa ambientación detallada e orixinal, considerada un fito visual postmoderno, como por adiantarse en expor preocupacións fundamentais para o século XXI.

A película transcorre nunha versión distópica da cidade de Los Ángeles durante o mes de novembro de 2019. Describe un futuro no que, mediante a enxeñería xenética, fabricanse humanos artificiais aos que se denomina « replicantes»; emprégaselles en traballos perigosos e como escravos nas «colonias exteriores» da Terra. Fabricados para ser «máis humanos que os humanos» son indistinguibles fisicamente dun humano, aínda que teñen unha maior axilidade e forza física e carecen de empatía.

## Ficha técnica da película

**Título original:** Blade Runner **Ano:** 1982 **Duración:** 117 min. **País:** Estados Unidos  
**Director:** Ridley Scott **Guión:** David Webb Peoples, Hampton Fancher sobre unha novela de Philip K. Dick **Fotografía:** Jordan Cronenweth **Reparto:** Harrison Ford, Rutger Hauer, Sean Young, Daryl Hannah, Edward James Olmos, Joanna Cassidy, Brion James, Joe Turkel, M. Emmet Walsh, William Sanderson, James Hong, Morgan Paull, Hy Pyke **Productora:** Warner Bros. / Ladd Company / Shaw Brothers Productions **Xénero:** Ciencia ficción



14.04.19 | 21:00 h

**RAISA**

# O ACOIRAZADO POTENKIM

(Sergei M. Eisenstein, 1925)

**O acoirazado Potemkin é a película máis emblemática do cinema mudo.**

A banda sonora desta obra mestra do cinema mudo será interpretada en directo por RAISA e o ecléctico guitarrista XISCO ROJO, cuxos estilos combinan o rock e a psicodelia con elementos folk. A súa música caracterízase pola transformación e experimentación cuxa finalidade principal é conmover ao oínte, e conségueno sen deixar indiferente a ninguén. A súa arriscada proposta de luz e psicodelia para a película acompaña emocional e rítmicamente o que acontece na gran pantalla.

Este filme foi un dos seleccionados polo goberno ruso en 1925 con motivo da conmemoración do vixésimo aniversario do errado golpe revolucionario de 1905. O acoirazado Potemkin é a sinxela narración dun dos episodios máis coñecidos: o motín que estala a bordo do navío con motivo dunha repartición de carne chea de vermes. A tripulación do Potemkin, cansa do trato vexatorio e inxusto recibido por parte dos oficiais, amotínase fronte ao porto de Odesa e inicia o regueiro revolucionario que sacudiría toda Rusia.

## Ficha técnica da película

**Título orixinario:** Bronenosets Potyomkin **Ano:** 1925 **Duración:** 77 min. **País:** Unión Soviética **Director:** Sergei M. Eisenstein **Guión:** Sergei M. Eisenstein, Nina Agadzhanova **Fotografía:** Eduard Tissé, Vladimir Popov (B&W) **Reparto:** Aleksandr Antonov, Vladimir Barsky, Grigori Aleksandrov, Mikhail Gomorov, Ivan Bobrov, Aleksandr Levshin, Konstantin Feldman **Produtora:** Goskino **Xénero:** Drama bélico

